Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# Programación Xeral Anual
# CPI Plurilingüe Cabo da Area

## Curso **2022-23**

**Data de aprobación en Consello Escolar: 21/11/2022**

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# ÍNDICE

**1. INTRODUCIÓN** 4

**2. O CENTRO ESCOLAR** 5

**2.1 Datos e identificación do centro.** 5
2.2. Situación e contorna. 5
2.3. O noso alumnado. 5
2.4. Descrición do centro. 6
2.5. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro 7
2.6 Cadro de persoal. 7
2.7. Órganos de goberno. 9
2.8. Atención ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). 10

**3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO.** 25

**4. CALENDARIOS** 34
4.1. Calendario escolar 34
4.2. Conmemoracións 35
4.3. Calendario avaliacións. 36

**5. DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE ESCOLAR** 37
5.1 Horarios 37
5.2 Quenda
s de vixiancia do transporte e dos recreos. 38
5.3. Adscrición de mestras/es. 39

**6. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN** 41
6.1 Persoas integrantes 41
6.2 Actividades dos equipos 42

**7. ORGANIZACIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS** 46

**7.1. Transporte** 46
7.2. Comedor. 47

**8. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)** 49

**9. OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO** 50
9.1. Plan de formación 50
9.2. Plan Lector 50

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

9.3. Plan Dixital 53
9.4. Contratos-Programa Inclúe (CPInclúe) 53
9.5. CPInnova (EDUSAUDE) e Plan Proxecta: Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) 54
9.6. Plan Proxecta: Quérote + 54
9.7. Contrato-Programa RecupéraT: PROA + 55
9.8. Proxecto Plurilingüismo 55
9.9. Club de Ciencia 56
9.10. Club de Lectura “LIBROS AO CABO” 56
9.11. E-dixgal 57
9.12. Plambe 58

**10. AVALIACIÓN DA PXA 59**

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 1. INTRODUCIÓN

A Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CPI Plurilingüe Cabo da Area. Nel establécese a súa organización e fíxanse obxectivos a acadar en cada curso académico.

Tal programación é un documento vivo, susceptible de modificacións, no que se establecen unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito de reflexión e análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible do alumnado do Centro.

Actualmente a pandemia provocada polo COVID 19 está en proceso de remisión, polo que as restriccións sufridas na nosa actividade limítanse actualmente no noso centro ao uso da máscara no transporte escolar e á hixienización das mans de xeito regular. Isto supón a volta á normalidade no desenvolvemento das actividades que caracterizan ao centro, tanto as escolares como ás complementarias e extraescolares. Non obstante, cabe destacar o enorme compromiso e responsabilidade asumidos pola comunidade educativa deste centro na situación vivida: alumnado, familias e profesorado.

Esta Programación Xeral Anual xorde, como cada ano, sobre todo, polas dúas consideracións seguintes:

1ª) Por unha necesidade de imperativo legal dado que así o dispón o decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.

2ª) Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que oriente, na medida do posible, a continuidade natural da actividade do centro xunto cunha mellora continua, a partir do establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, co fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio.

Esta Programación Xeral Anual supón un compromiso de eficacia e eficiencia para todas as persoas que directa ou indirectamente, temos compromisos de actuación e responsabilidade no funcionamento do Centro.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 2. O CENTRO ESCOLAR

## 2.1 Datos e identificación do centro.

| | |
|---|---|
| Denominación | CPI Plurilingüe Cabo da Area |
| Enderezo | Avda. Isidro Parga Pondal, 45 |
| Localidade | Laxe |
| Código da localidade | 15118 |
| Concello | Laxe |
| Provincia | A Coruña |
| Código do Centro | 15007621 |
| Teléfono | 881.880.709 |
| Correo electrónico | cpi.cabo.area@edu.xunta.gal |
| Páxina web | www.edu.xunta.gal/centros/**cpicaboarea** |

## 2.2. Situación e contorna.

O C.P.I. Plurilingüe Cabo de Area sitúase no concello de Laxe, pertencente á comarca de Bergantiños localizándose no extremo occidental da mesma. É un dos municipios máis pequenos en extensión da provincia de A Coruña, pois só abarca uns 34 $km^2$ aproximadamente, repartidos entre o núcleo semiurbano de Laxe, e as parroquias de Serantes, Soesto, Nande, Sances e Traba.

Laxe é a capital turística da Costa da Morte e ten unha poboación aproximada de 3500 habitantes. É unha vila mariñeira na que é evidente o peso da pesca na poboación activa ocupada, aínda que nos últimos anos coa crise económica descendeu o número de poboación activa e o sector pesqueiro está en horas baixas. Laxe conta cun patrimonio natural e turístico moi importante como é a lagoa de Traba e as súas excepcionais paisaxes que conforman a súa liña de costa, entre outros moitos elementos (Museo do Mar, Penedos de Traba, etc.).

## 2.3. O noso alumnado.

O centro recolle alumnado procedente dos núcleos rurais e semiurbanos, polo que dispón de servizo de comedor e transporte.

A lingua vehicular no centro é o galego. Neste eido cabe destacar que nos últimos anos hai unha incorporación regular de alumnado estranxeiro que se adapta de forma

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

progresiva ao idioma da localidade ao igual que as costumes, sen verse alterada a convivencia en ningún aspecto.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades), como a puntualidade están, en xeral, xustificados, salvo excepcións puntuais específicamente xestionadas.

O sistema de valores que rexe o centro e a súa dinámica (inclusión, igualdade e respeto pola diversidade e polo medio ambiente) fai destacable que a convivencia no centro entre o alumnado é pacífica e positiva, sen ter que reseñar ningún aspecto, salvo casos particulares.

## 2.4. Descrición do centro.

O CPI Plurilingüe Cabo da Area, está catalogado na Rede de Centros como un centro de tres unidades de Educación Infantil , sete unidades de Educación Primaria e catro de ESO.

Dispoñemos de dous edificios e un pavillón.

Edificio de Infantil e Primaria:

As unidades de Educación Infantil están emprazadas na planta baixa así como o comedor, a sala de mestres e mestras, o despacho da Xefatura de Estudos de Infantil/Primaria, unha sala polivalente e a Sala de Usos Múltiples. As unidades de Educación Primaria están situadas no 1ª andar xunto coa Biblioteca, aula de Música, aula de Idiomas, aula de PT, aula de AL, aula polivalente e aula de Convivencia.

Edificio de Secundaria:

Na planta baixa están as aulas de 1º e 2º ESO, a aula de Informática, o laboratorio, a aula de Tecnoloxía, unha aula polivalente, a Biblioteca, o espazo de Administración (con ventá de atención ao público), o despacho de Xefatura de Estudos, despacho de Dirección, despacho de Secretaria e a cafetaría. No 1º andar está a aula de PT de ESO (sen profesorado este ano, aínda aparecendo no cadro de persoal, debido aos recortes producidos), o Departamento de Orientación e un espazo reducido que se utiliza para a atención a familias, a Radio, a Sala de Profesoras e profesores, a aula de Música, aula de Informática, aula de Plástica, aula de Drama, aula de Idiomas, aula de Convivencia e as aulas de 3º e 4º da ESO.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 2.5. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro

Toda a información sobre os libros de texto que se establecen para os diferentes cursos de educación primaria e secundaria poden ser consultados na páxina web do centro, no seguinte enlace: https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Por outra banda o centro dispón de material curricular na aula virtual do colexio aloxada na seguinte dirección: http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/aulavirtual/

## 2.6 Cadro de persoal.

### 2.6.1. O profesorado e o alumnado.

No curso actual, o CPI Plurilingüe Cabo da Area ten 218 alumnos e alumnas, de tal maneira que a matricula descendeu en 8 alumnos/as con respecto ao ano pasado, tendo en conta que houbo baixas en tódolos niveis educativos, debido a cambios de domicilio e elección doutros centros da contorna.

O claustro está composto por 31 persoas, das cales, a mestra de Audición e Linguaxe e as profesoras de Relixión son compartidas con centros da contorna.

O persoal laboral consta de 1 auxiliar administrativa, 1 operario do Concello (que exerce funcións de conserxe), 1 cociñeira e 2 axudantas de cociña, 1 persoa coidadora e 3 persoas para a limpeza do centro, contratadas pola empresa Samyl.

A composición das etapas e niveis é a seguinte:

| **Educación Infantil** | | | **Educación Primaria** | | | | | | | **Educación Secundaria** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **4º A** | **5º A** | **6º A** | **1º A** | **2º A** | **3º A** | **4º A** | **5º A** | **6º A** | **6º B** | **1º A** | **2º A** | **3º A** | **4º A** |
| 8 | 13 | 9 | 19 | 19 | 21 | 14 | 14 | 14 | 14 | 15 | 19 | 22 | 17 |
| NENOS 4 | NENOS 7 | NENOS 3 | NENOS 10 | NENOS 9 | NENOS 9 | NENOS 10 | NENOS 11 | NENOS 9 | NENOS 9 | NENOS 6 | NENOS 8 | NENOS 10 | NENOS 11 |
| NENAS 4 | NENAS 6 | NENAS 6 | NENAS 9 | NENAS 10 | NENAS 12 | NENAS 4 | NENAS 3 | NENAS 5 | NENAS 5 | NENAS 9 | NENAS 11 | NENAS 12 | NENAS 6 |
| 30 | | | 115 | | | | | | | 73 | | | |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 2.6.2. O claustro.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | Ana María Porteiro Chouziño | Funcionaria carreira | 590004 - Lingua castelá e literatura |
| 2 | Diego Salido Herba | Funcionario prácticas | 590005 - Xeografía e historia |
| 3 | Alfredo Carballo Rey | Funcionario prácticas | 590006 - Matemáticas |
| 4 | Mª de las Mercedes Lago Valo | Funcionaria carreira | 590007 - Física e química |
| 5 | Almudena Gerpe Pita | Funcionaria prácticas | 590008 - Bioloxía e xeoloxía |
| 6 | Rosa Mª Torreira Otero | Funcionaria carreira | 590010 - Francés |
| 7 | Daniel Crespo Romero | Funcionario carreira | 590011 - Inglés |
| 8 | Gonzalo Suárez Rodríguez | Persoal substituto | 590016 - Música |
| 9 | Antón Varela Magariños | Funcionario carreira | 590017 - Educación física |
| 10 | Sergio Pereira Bendaña | Persoal interino | 590017 - Educación física |
| 11 | Esther Portas Potel | Persoal interino | 590018 - Orientación educativa |
| 12 | Marcos Maseda Prieto | Persoal interino | 590019 - Tecnoloxía |
| 13 | Susana Mª Vázquez Recarey | Funcionaria carreira | 590053 - Lingua e literatura galega |
| 14 | Alba Leira Antón | Funcionaria prácticas | 597031 - Educación infantil |
| 15 | Fernando Pose Martínez | Funcionario carreira | 597031 - Educación infantil |
| 16 | Mª Teresa García Mato | Persoal interino | 597031 - Educación infantil |
| 17 | Fernando Guitián Astray | Funcionario carreira | 597032 - Lingua estranxeira: Inglés |
| 18 | Mª Luisa Carballeira González | Persoal interino | 597033 -Lingua estranxeira: Francés |
| 19 | Alejandra Mª Pose Lema | Funcionaria carreira | 597034 - Educación Física |
| 20 | María Teresa Rodríguez Varela | Funcionaria carreira | 597035 - Música |
| 21 | Raquel Balseiro Díaz | Persoal interino | 597036 - Pedagoxía Terapéutica |
| 22 | Berta Carou Espasandín | Persoal substituto | 597036 - Pedagoxía Terapéutica |
| 23 | Elena Garda Ríos | Persoal interino | 597036 - Pedagoxía Terapéutica |
| 24 | Tania Villamor Vázquez | Funcionaria prácticas | 597037 - Audición e Linguaxe |
| 25 | Cristina Lage Villar | Funcionaria carreira | 597038 - Educación Primaria |
| 26 | Ana Miranda del Campo | Funcionaria carreira | 597038 - Educación Primaria |
| 27 | Mickael Pose Rodríguez | Funcionario carreira | 597038 - Educación Primaria |
| 28 | Cristina Basteiro Estévez | Persoal interino | 597038 - Educación Primaria |
| 29 | Mariña Lema Blanco | Funcionaria prácticas | 597038 - Educación Primaria |
| 30 | Mª de los Ángeles González Martín | Funcionaria prácticas | 597038 - Educación Primaria |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

### 2.6.3. Persoal non docente.

| | |
|---|---|
| **Persoal administrativo** | Victoria Eugenia Galdo Carbón |
| **O.Concello/Conserxe** | Javier Cundíns Pose |
| **Persoal de cociña** | Mª Josefa Grela López<br>María Flora Mira Devesa<br>Mª Carmen Noya Otero |
| **Coidadores/as** | Mª Luisa Rey Osinde |

## 2.7. Órganos de goberno.

### 2.7.1. Órganos unipersoais: Equipo directivo.

| | |
|---|---|
| **Directora** | Mª Cristina Lage Villar |
| **Secretario** | Antón Varela Magariños |
| **Xefa estudos EI/ EP** | Ángeles González Martín |
| **Xefa estudos ESO** | Daniel Crespo Romero |

### 2.7.2. Órganos colexiados.

### 2.7.2.1 Claustro de profesorado.

Reunirase en sesión ordinaria unha vez ao trimestre. Os claustros extraordinarios poderán celebrarse calquera outro día a calquera outra hora, aínda que preferiblemente os mércores. Trataranse todos os temas relacionados con:

- A organización pedagóxica.
- Todo tipo de actividades.
- Cuestión relativas á función e organización do centro.

Nas actas, que ao igual que as convocatorias serán enviadas por correo electrónico, recolleranse a asistencia, os acordos tomados que terán carácter vinculante e as intervencións que se soliciten. Así mesmo, calquera persoa integrante ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e aporte no acto, ou no prazo que sinale a presidenta o texto que corresponde fielmente coa súa intervención, facéndose constar así na acta ou uníndose copia a esta.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

### 2.7.2.2 Consello Escolar.

| Representantes | Nome e apelidos |
|---|---|
| Profesorado | Fernando Pose Martínez |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| Pais/nais | Nuria Pérez Balsa |
| | Silvia Teresa Bouzas Martínez |
| | Noa Vázquez Renda |
| Alumnado | Blanca Charlín Quintela |
| | Xeima Manmina Suárez |
| | |
| Concello | Francisco Charlín Oróns |
| Persoal non docente | Victoria Eugenia Galdo Carbón |
| **Membros/as natos/as** | **Nome e apelidos** |
| Directora | Cristina Lage Villar |
| Secretario | Antón Varela Magariños |
| Xefa Estudos EI/EP | Mª de los Ángeles González Martín |
| Xefa Estudos ESO | Daniel Crespo Romero |

O Consello Escolar reunirase unha vez ao trimestre e tantas veces como sexa necesario, segundo xurdan novos asuntos e necesidades que tratar. Tanto as convocatorias como as actas serán enviadas por correo electrónico a aquelas persoas que compoñen o Órgano Colexiado e que dispoñan do recurso. En caso contrario a convocatoria será por correo postal.

Este curso escolar 2022/2023 corresponde desenvolver o proceso electoral de renovación do Consello actual, quedando vacantes 5 postos de profesorado e 2 de alumnado. O proceso dará inicio o 25 de outubro e finalizará o 2 de decembro coa constitución do novo Consello Escolar.

## 2.8. Atención ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

### 2.8.1. NEAE e alumnado con dificultade de aprendizaxe.

Procurarase a máxima inclusión deste alumnado no seu grupo sen que a atención individualizada supoña un illamento ou exclusión.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

O reforzo educativo tentará ser un elemento motivador compensatorio das dificultades e ritmo de desenvolvemento deste alumnado.

As adaptacións curriculares, así como os agrupamentos puntuais deste alumnado na aula específica, non deben ser nunca definitivas nin permanentes na etapa, debendo manterse o tempo necesario pero establecendo un período de remate das mesmas. Con posterioridade poderase seguir co reforzo educativo, cando sexa necesario.

**Criterios para a organización da atención á diversidade.**

O alumnado será atendido por esta orde de prioridade:

1. Alumnado con NEE.
2. Alumnado con NEAE.

**Departamento de Orientación.**

A función primordial do equipo de orientación será contribuír ao desenvolvemento do plan de acción titorial, facer un seguimento do alumnado con NEAE, facer avaliación e seguimento pedagóxicos dese alumnado, prestar asesoramento na elaboración das medidas ACI e RE, colaborar nos plans de apoio, aplicar probas tipo, elaborar informes, entrevistarse coas familias, participar nas xuntas de avaliación, coordinar o plan de convivencia, etc.

O departamento de Orientación traballará coordinadamente co profesorado titor e profesorado especialista para determinar as actuacións de atención. As actividades a realizar polo Departamento de Orientación e levadas a cabo a través do Plan de Acción Titorial figuran na súa programación.

O centro conta con tres mestras de Pedagoxía Terapéutica (unha delas asociada ao proxecto PROA +, incorporado no mes de outubro). Por outro lado, a pesar de que no cadro de persoal está nomeada unha profesora PT para a etapa de E.S.O. (non presente no centro debido a unha comisión) non está cuberta por outra persoa, que sería o necesario e correcto, a efectos administrativos e de organización e funcionamento do centro.

Cóntase cunha persoa PAC (persoal auxiliar coidador) contratada pola administración, que presta axuda a alumnado que necesita especial atención polas súas características (dificultades no regulamento da conduta). A inestimable atención prestada, en labores de contención e permanencia na aula, para a inclusión do alumnado no grupo, realizada

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

por este persoal, imprescindible neste momento, non elude a necesidade de profesorado especializado en materia de conducta.

## 2.8.2. Concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade.

Segundo o disposto no artigo 10 do Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma Galega, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) é o documento no que se articula a atención á diversidade, no que se concretarán todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para axeitar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

No artigo 11 do mesmo decreto, establécese que os Departamentos de Orientación (D.O.), dacordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), xunto coas aportacións dos departamentos e/ou equipos, serán os responsables de elaborar a proposta do PXAD, debendo ser aprobado polo Consello Escolar, a proposta do claustro de profesorado, pasando a formar parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC).

O PXAD debe facer explícitas as circunstancias do centro docente, o xeito de entender e atender as singularidades de cada un dos alumnos e alumnas, medidas e/ou programas cos que conta para facer realidade a equidade en contextos metodolóxicos inclusivos, a optimización na distribución e/ou organización dos recursos, o compromiso de asesoramento e colaboración coas familias, e as formas de realizar o seguimento e avaliación de todos os seus plans, proxectos e/ou programas.

Ao inicio de cada curso escolar, os DO elaborarán a proposta de Concreción anual do PXAD, que debe formar parte da Programación Xeral Anual.

O equipo directivo incorporará a concreción do PXAD á PXA, velando polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

## 2.8.3. Necesidades detectadas ao comezo do curso 22-23

Ao comezo do curso 22-23 atopámonos co seguinte alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):

| Nome | Data N. | curso | Informe | Diagnóstico | PT(s/s) | AL(s/s) | MAD |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A.A.M | 05/06/19 | 4º EI | DO 28/03/22 | Dificultades linguaxe | x | x | Beca |
| D. F. S. | 25/08/19 | 4º EI | | Retraso dsllo. Linguaxe, normas, socializ, HHSS | x | x | Ed. familiar |
| O. K. D. | 08/01/17 | 6º EI | DO 24/03/21 | **TXD perfil TEA(autismo) 40% discapac**. | x | x | Beca Udiaf Apoio |
| A. S. L. | 19/12/17 | 6º EI | | Dif. linguaxe | | x | Ed. familiar |
| A. A.M. | 24/12/16 | 1º EP | DO 28/09/21 | **TXD. /TEL 34% dicapac**. | x | x | Beca Udiaf Apoio |
| T. M. B. | 25/04/16 | 1º EP | DO 04/06/21 | Dif. linguaxe | x | x | |
| X. M. B. | 25/04/16 | 1º EP | DO 04/06/21 | Dif. linguaxe | x | x | |
| H. L. R. | 01/06/16 | 1º EP | DO 04/10/21 | **TXD 33% discapac**. | x | x | Beca Apoio |
| M.K. S. L. | 21/09/16 | 1º EP | DO 20/06/22 | Dif. Linguaxe, atención, adq. Lectoescrit. | x | x | Apoio |
| L. R. S. | 15/12/16 | 1º EP | DO 06/04/21 | Dificultades linguaxe | | x | |
| A. R. S. | 15/12/16 | 1º EP | | Dif. atención | x | | |
| M. L. V. | 21/03/16 | 1º EP | DO 30/06/22 | Dif. atención | x | | |
| I. L. S. | 08/06/15 | 2º EP | DO 06/04/21 25/03/22 | Dificultades aprendizaxe | x | x | |
| D.M. B. | 21/01/15 | 2º EP | DO 25/01/22 | **TDAH**, **TEA**, | x | | Apoio Beca |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M. V. G. | 09/12/15 | 2º EP | EOE<br>09/01/20 | **TEA**<br>**33% Cert. disc**. | x | x | Apoio<br>Beca<br>PAC |
| J. R. C. | 18/06/15 | 2º EP | DO<br>02/06/22 | **Retraso madurativo???**<br>**Pte diagnóstico** | x | x | Apoio |
| L. A. A. | 02/07/14 | 3º EP | DO<br>18/02/21<br>21/03/22 | Dificultades Apr (lectoescritura) | | | Apoio<br>Ed familiar |
| S. B | 24/07/14 | 3º EP | | Incorpor. Tardía | | | |
| R. B. V. | 29/04/13 | 4º EP | DO<br>23/04/21<br>09/05/22 | **21% Disc**<br>**Enf. Rendu-Osler-Weber**<br>**ALERTA ESCOLAR** | | | |
| Y. L. R. | 23/12/12 | 4º EP | DO<br>05/03/21<br>23/06/22 | Dif. Aprendizaxe<br>TDA?? | x | | Apoio<br>Ed familiar |
| A. V. V. | 18/08/12 | 4º EP | EOE<br>05/10/20 | **Trast.conducta**<br>**39% discap**. | x | x | Beca<br>PAC<br>Ed.fam. |
| B. D. | 19/02/12 | 4º EP | DO<br>01/02/22<br>04/05/22 | Incorp. Tardía<br>Desfase curricular | x | x | Apoio<br>RE |
| D. S. C. | 28/07/13 | 4º EP | | Desmotivac, vulnerabil. socioeducativa | | | Apoio |
| D. P. P. | 28/12/11 | 5º EP | DO<br>22/01/18<br>26/11/21 | Dificultades aprendizaxe<br>Prom. Imp.legal | x | | RE |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E. S.V. | 23/07/11 | 5º EP | DO 08/03/21 | Dif. Apr (Dislexi) TDA | x | x | Apoio |
| Y. S. A. | 16/08/11 | 5º EP | DO 10/07/21 | Dificultades aprendizaxe | | | Apoio |
| J. G. R. M. | 08/02/12 | 5º EP | | Incorpor. tardía | | | Ex LG Apoio |
| N. R. V. | 13/02/12 | 5º EP | | **ALERTA ESCOLAR** | | | |
| F. D. | 23/03/10 | 6º EP | DO 01/02/22 | Incorp. Tardía. | . | | Apoio Ex LG |
| A. L. V. | 31/07/11 | 6º EP | DO 25/05/22 | TOC???? | | | |
| T. S. V. | 09/11/09 | 1º ESO | DO 27/11/19 30/11/21 | **35% disc. Retraso madur.** | x | | Beca AC,Apoio Ex Fr Protoc. |
| D. L. V | 21/01/07 | 2º ESO | DO 07/04/16 | TDAH Dif. Aprend. **ALERTA ESCOLAR** | x | | Ex. Fr Protoc. |
| I. I. S. | 12/01/08 | 2º ESO | DO 29/03/16 | Dif. Aprend. Pte diagnóst. | x | | Ex. Fr Apoio |
| I.M. A. | 02/02/08 | 2º ESO | DO 17/02/22 | Sit vulnerabilid | x | | Ex. Fr. Ed.fam. |
| S. R. P. | 03/05/07 | 2º ESO | DO 21/11/16 | Dif. Aprendiz. | x | | Ex. Fr Apoio |
| L. S.S. | 06/12/07 | 2º ESO | DO 19/01/21 S. saúde 01/09/21 | Dif. Aprend | x | | Ex. Fr Apoio |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X. S. E. | 09/10/08 | 2º ESO | DO 02/12/21 | Problem. Emoc. Repite | x | | Apoio Protoc. Pers ref **PEP** |
| A. A. M. | 31/03/08 | 3º ESO | | **ALERTA ESCOLAR** | | | |
| S. B. A. | 01/09/06 | 3º ESO | DO 17/04/15 | Dif. Aprendi | | | Apoio |
| I. C. D. | 07/08/07 | 3º ESO | DO 20/11/16 | **39% disc. Capac. Limit.** | | | RE Protoc. |
| A. F. R. | 18/06/08 | 3º ESO | DO 30/03/22 | TDAH **ALERTA ESCOLAR** | | | Protoco |
| A.N. T | 12/08/08 | 3º ESO | | **ALERTA ESCOLAR** | | | |
| B. C. Q. | 09/02/06 | 4º ESO | DO 12/05/22 | Problem emocio | | | |
| S. S. E. | 06/02/07 | 4º ESO | DO 02/12/21 | Problem emoc. Probl famil. | | | Pr. Ref Protocol |
| A. A. G. | 06/06/06 | 4º ESO | DO 18/02/22 | Probl. Emocion. Repite | | | **PEP** |
| G. G. F. | | 4º ESO | DO 08/02/22 | Vítima violencia xénero | | | Protoc. |
| S. R. F. | 01/02/06 | 4º ESO | DO 02/12/21 | Probl. Emocion. Identidad. xénero | | | Protoc. |

Destacamos ademais as seguintes necesidades:

- Elevada porcentaxe de alumnado da EEI de Traba con dificultades lingüísticas e da comunicación.
- Baixa motivación do alumnado cara os aspectos escolares.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Necesidade de asesoramento ao profesorado en canto á nova Lei educativa (LOMLOE), calendario de implantación, criterios de promoción e titulación, orientacións metodolóxicas, medidas de atención á diversidade, elaboración de Adaptacións Curriculares; asi como da nova orde de atención á diversidade (O. 8 setembro 2021) e outras disposicións lexislativas.
- Educación afectivo- emocional.
- Hábito e técnicas de estudo.
- Hábitos e estilos de de vida saudables, consumo responsable.
- Relacións interpersoais positivas.
- Uso responsable das redes sociais.

## Actuacións e medidas de atención á diversidade

Partimos e centrámonos nun modelo de escola inclusiva, que asume a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de axeitar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado; que valore as diferenzas e aproveite as potencialidades para lograr o pleno desenvolvemento persoal e harmónico do alumnado; polo que as medidas de atención á diversidade deben estar presididas polo que represente un maior beneficio e interese superior do/a menor. Neste marco educativo, debemos poñer o énfase no Deseño Universal da Aprendizaxe **(DUA**), asegurando que o currículo sexa planificado e posto en práctica de xeito que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias; sen esquecer a prevención como principio, así como a identificación temperá de necesidades, e a resposta educativa dende o momento da detección de necesidades. Así mesmo, apostamos por un enfoque competencial, polo que levaremos a cabo as orientacións metodolóxicas establecidas nas recomendacións do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018; dando así visibilidade a expresión centrada na competencia do alumnado, pois é na competencia real de cadaquén onde se asentan os novos coñecementos e as novas aprendizaxes.

Temos en conta as medidas de atención á diversidade, segundo a Orde do 8 de setembro do 2021, destacamos como MAD ordinarias:

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Adecuación da estructura organizativa do centro, organización e xestión da aula, ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado.
- Metodoloxías inclusivas ( partir do nivel de coñecemento previo, titoría entre iguais, deseño universal da aprendizaxe, multilinguaxe, multirrepresentación, reforzo positivo, gamificación, etc.).
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aula de atención educativa e convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Plan Específico de Reforzo para alumnado de EP que permanezca un ano máis no mesmo curso.
- Plan Reforzo para alumnado da ESO que pase con materias sen superar.
- Plan Específico Personalizado para alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programa de habilidades e competencias sociais.

E como MAD extraordinarias:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL.
- Flexibilización da duración do período es escolarización.
- Programa Diversificación Curricular.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades de asistencia continuada ao centro.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupo de adquisición das línguas (GAL)
- Grupo adquisición competencia curricular (GAC).

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Atención educativa a mozas embarazadas.

Temos, asimesmo en conta os distintos protocolos educativos da Estratexia Galega EDUCONVIVES, facendo especialmente fincapé:

- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con TEA.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo de prevención detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo de protección de datos persoais.

Este curso contamos con outras medidas de atención á diversidade non contempladas anteriormente:

- Exención da segunda lingua estranxeira, en 1º e 2º ESO para o alumnado que presenta dificultades nas áreas instrumentais (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas), recibindo atención educativa co obxectivo de reforzar as competencias necesarias para a superación de ditas dificultades (Resolución 26 de maio de 2022).
- Exención da cualificación da Língua Galega (O. 10 febreiro 2014).
- Apoio das PT de PROA + (Resolución 23 setembro 2022).

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Rede de acompañamento e Orientación persoal e familiar (RAOGAL) a través da Resolución 23 setembro 2022.
- Becas alumnado NEAE (MEC), asociadas a reeducación logopédica e/ou pedagóxica.

**Destacamos as seguintes Actuacións a realizar:**

- Coñecemento, análise e valoración de informes previos, entrevista coas familia, información centro, etc.
- Coñecemento alumnado, profesorado, organización, etc.
- Constitución do Departamento de Orientación.
- Asesoramento a alumnado, profesorado e familias as novas da LOMLOE, e da Orde 8 setembro que desenvolve a atención á diversidade en Galicia, e outras cuestións de interese educativo.
- Visita centros adscritos.
- Organización da AD.
- Xestión becas NEAE (MEC).
- Elaboración pautas educativas para profesorado segundo protocolos educativos: dislexia e dificultades de aprendizaxe, TEA, TDAH...
- Elaboración informes escolares para seguimento dos servizos sanitarios, a petición da familia.
- Planificación alumnado e horario das iniciativas ARCO e PROA+.
- Elaboración das concrecións do PXAD.
- Contacto con Servizos Sociais do concello, asociacións e institucións.
- Comunicación con profesionais externos/as que atenden ao noso alumnado.
- Coordinación e comunicación co EOE.
- Implicación no Plan Proxecta “Quérote máis”.
- Actividades para traballar nas titorías: autocoñecemento, empatía, habilidades sociais, técnicas de estudo, emprendemento, orientación vocacional, toma de decisión, educacional emocional, educación para a saúde, etc.
- Planificación de talleres, charlas, obradoiros, etc. entre os que destacamos o Plan Director da Garda civil e a asociación Visibles.
- Cursos e xornadas de formación por parte da xefatura do DO respecto á atención á diversidade, coordinación entre EOE e DO..

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

**Recursos**

Para levar a cabo a nosa labor educativa, contamos cos seguintes recursos humanos, destacando:

- Profesorado-titor.
- Equipo docente.
- 2 Mestras especialistas PT.
- 1 Mestra especialista AL.
- 1 Persoa auxiliar coidadora.
- Departamento de Orientación.
- Persoal do Contrato-Programa Recupéra-T (PROA+).
- EOE.
- Servizo de Inspección Educativa.
- Consellería de Educación.
- Axentes externos.

Ademais contamos con outros recursos como participación da familia, ANPA, etc.

Queremos destacar **os recursos metodolóxicos** que pretendemos:

- Partir dos coñecementos previos, e centro de interese do alumnado.
- Grupos heteroxéneos.
- Diversidade de agrupamentos.
- Multitude de presentación (multilinguaxe).
- Distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Traballo individual e cooperativo.
- Despertar e manter a motivación.
- Papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe.
- Transferencia de aprendizaxes.
- Aprendizaxes funcionais.
- Traballo en equipo.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Uso do portfolio.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Potenciar autonomía.
- Desenvolvemento do pensamiento crítico e reflexivo.
- Selección e uso de materiais e recursos didácticos.
- Elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

**Colaboración e coordinación.**

É necesaria unha axeitada coordinación entre o profesorado sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben plantexarse unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexionadas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara unha construcción colaborativa do coñecemento.

Destacamos as seguintes reunións de coordinación interna:

- Reunión do Departamento de Orientación, unha vez ao mes, trimestralmente coas persoas responsables dos centros adscritos.
- Reunión de coordinación de EI- EP, coa PT, Xefatura de estudos e orientadora.
- Reunión Orientadora, PT, AL, PT de PROA, os mércores ás 11:15.
- Reunión individualizada co profesorado titor de secundaria.
- Reunión co profesorado que atende alumnado NEAE.
- Hora de atención coas familias, os martes ás 11:50h.
- Hora de atención co alumnado, nos recreos.
- Visita aos centros adscritos, unha vez cada quince días.
- Reunión co equipo directivo, unha vez á semana.
- Ademáis de todas as que sexan precisas.

En canto a coordinación e colaboración con axentes externos:

- Persoal externo que atende alumnado (psicólogos, profesorado de clases particular, etc.).
- Servizos de saúde.
- Servizos sociais.
- Udiaf de Carballo.
- EOE

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Inspección educativa.
- Outros centros educativos.
- Persoal de Asociacións e outras institucións (Corpo Garda Civil, "Quérote Máis", Asociación Visibles….).

**Seguimento e avaliación.**

O seguimento e avaliación da concreción do PXAD realizarase trimestralmente, por parte do Departamento de Orientación. Os informes de seguimento e avaliación daranse a coñecer ao claustro de profesorado e entregarase á dirección do centro docente para a súa incorporación ao seguimento que se realice da PXA.

**Modelos de solicitude/autorización/acta (consultar no Dpto. De Orientación).**

Temos en conta os modelos contemplados nos anexos da Orde do 8 de setembro do 2021, que son os que seguiremos, pero recollemos outros como:

Anexo I. Acreditación de información á familia sobre a Avaliación psicopedagóxica.

Anexo II. Ficha de solicitude para a intervención do Departamento de Orientación.

Anexo III. Informe da/o titor/a da Exención da segunda lingua estranxeira.

Anexo IV. Información á familia da exención da 2ª Lingua Estranxeira.

Anexo V. Autorización da dirección para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.

Anexo VI. Información á familia sobre o programa de enriquecemento curricular.

Anexo VII. Acreditación de información á familia sobre a Adaptación Curricular.

Anexo VIII. Acreditación de información á familia para recibir apoio de PT.

Anexo IX. Acreditación de información á familia para recibir apoio de AL.

Anexo X. Plan Específico de Reforzo (alumnado EP que permaneza un ano máis no mesmo curso).

Anexo XI. Plan Reforzo ( para alumnado ESO con materias sen superar).

Anexo XII. Plan Específico Personalizado (alumnado ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso).

Anexo XIII. Acreditación da información á familia.

Anexo XIV. Acta reunión coa familia.

Anexo XV: Información á para a solicitude dun cambio na modalidade de escolarización.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Anexo XVI. Cuestionario de avaliación do PXAD.

Anexo XVII. Modelo de informe psicopedagóxico.

Anexo XVII. Modelo de documento de adaptación curricular.

Anexo XVII. Modelo do programa de intervención de PT/AL.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO.

**OBXECTIVO Nº 1 :** MELLORAR AS RELACIÓNS CO CONCELLO, ANPA E OUTRAS INSTITUCIÓNS.

| | |
|---|---|
| **Responsable** | **Equipo Directivo** |
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 12** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Promover a dotación, mantemento das instalación e material | Pintado e acondicionamento de aulas de infantil, primaria e secundaria.<br>Adecentar a sala de usos múltiples do edificio de Infantil e Primaria.<br>Habilitar a casa do conserxe para poder organizar actividades nela<br>Obra para ampliación da sala de lectura (biblioteca) de educ. infantil/primaria.<br>Solicitar novo material a Xefatura Territorial.<br>Mantemento do equipamento do patio de primaria e infantil.<br>Dotación material estructural para o patio de educación infantil.<br>Adquisición de mesas e bancos exteriores nas zonas de primaria e ESO. |
| Establecer canles áxiles de comunicación cos distintos servizos do Concello | Contactos regulares co alcalde José Luis Pérez Añón e co representante do Concello no Consello Escolar.<br>Manter unha comunicación fluida cos Servizos Sociais e co departamento de cultura e deporte a fin de coordinar actividades. |
| Establecer canles cos distintos servizos da ANPA | Reunións periódicas co presidente da ANPA. |
| Facilitar o uso instalacións para as actividades que oferta o Concello | Cesión de instalacións para a celebración de actividades deportivas e lúdicas.<br>Outras cesións de instalacións. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

**OBXECTIVO Nº 2 :** FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NA XESTIÓN DO CENTRO DOS E DAS INTEGRANTES DA COMUNIDADE ESCOLAR.

| **Responsables** | **Equipo Directivo** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 6** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Ofrecer información ás familias e disponibilidade para debatir e atender as peticións. | Colgar na páxina web do centro as normas e instruccións do inicio de curso.<br>Participación do equipo directivo na reunión inicial da ANPA e encontros periódicos coa xunta directiva da mesma a fin de participar conxuntamente nunha mellora continua do centro.<br>Reunión coas familias por parte do profesorado titor para priorizar a figura do titor/a como intermediario entre as familias e o centro.<br>Realización periódica de Consellos Escolares, máis aló dos estrictamente necesarios marcados na lexislación, a fin de dinamizar a vida e os recursos do centro e da contorna. |
| Deseñar, dentro da Programación do Departamento de AECE, obradoiros, xornadas, etc que favorezcan a integración das familia na vida do centro | As familias colaboran en diferentes actividades, obradoiros ou talleres propostos polo centro.<br>Animarase a ANPA a que propoñan ou organicen actividades para o centro. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## **OBXECTIVO Nº 3 :** INTEGRAR OS PLANS ELABORADOS NO PEC

| **Responsables** | **Equipo Directivo, Equipo de Formación, CFR, Administración educativa,Profesorado implicado no Contrato-Programa e Departamento de Orientación** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 31** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Redactar o Plan Xeral Anual do centro | Entrega do documento ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa lectura, realización de propostas de modificación e/ou mellora e posterior aprobación.<br>Reunión co Consello Escolar para a aprobación da P.X.A., se procede.<br>Envio á Inspección do P.X.A.<br>Difusión do P.X.A. no centro. |
| Plan de Formación do Profesorado | Revisión dos itinerarios e actividades a desenvolver do PFPP.<br>Inscripción do profesorado.<br>Información ao Claustro.<br>Inicio das actividades de formación.<br>Nomeamento dunha persoa Coordinadora de Formación do Profesorado no centro.<br>Detección de necesidades formativas.<br>Remisión vía email de toda a información recibida sobre cursos de formación que poidan ser de interese para o equipo docente en tódalas etapas. |
| Contrato-Programa | Solicitude de continuidade dos Contratos-Programa á Administración educativa.<br>Confirmación das actividades programadas co equipo docente.<br>Confirmación do profesorado implicado.<br>Presentación da solicitude detallada mediante aplicación informática.<br>Revisión da solicitude por parte da Inspección Educativa.<br>Posta en marcha das actividades unha vez aprobadas pola Consellería.<br>Seguemento das actuacións ao longo do curso escolar.<br>Presentación dos resultados ante o Claustro e Consello Escolar. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | |
|---|---|
| | Proposta do Claustro sobre a continuidade do Contrato-Programa para o vindeiro curso. |
| Coordinación do proceso educativo | Pechar a Concreción Curricular.<br>Coordinar ao profesorado dos ciclos ou niveis de acordo co DC.<br>Elaboración das programacións anuais dos niveis e os departamentos.<br>Reunión de CCP, departementos e ciclos, como mínimo trimestralmente.<br>Promover reunións conxuntas do profesorado dos últimos cursos de cada etapa co profesorado dos primeiros curso da etapa seguinte.<br>Elaborar as memorias de nivel, departamento e dirección. |
| Outras actuacións | Debater, aprobar e incluir no PE as modificacións feitas ao mesmo.<br>Potenciar os proxectos innovadores postos en marcha (aula virtual, páxina web, …).<br>Desenvolver o Club de Ciencias.<br>Desenvolver o Club de Lectura. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

**OBXECTIVO Nº 4 :** IMPLEMENTAR A CONVIVENCIA E IGUALDADE DE XÉNERO

| **Responsables** | **Equipo directivo, Departamento de Orientación e Comunidade Educativa** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 13** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Manter a boa convivencia no noso centro | Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado.<br>Fomentar a información e o intercambio de ideas coa recollida periódica de suxerencias de mellora.<br>Xestionar os conflictos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación.<br>Acoller adecuadamente, de forma solidaria e inclusiva ao alumnado de nova incorporación. |
| Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro | Propoñer uns criterios pedagóxicos funcionais de distribución do alumnado nos grupos.<br>Participar nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello, así como a colaboración coa ANPA de xeito periódico.<br>Potenciar o establecemento de xogos, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado da contorna, etc.<br>Revisar e actualizar o Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, NOF, Programa de Habilidades Sociais e velar polo seu cumprimento. |
| Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero | Elaboración do Plan de Igualdade.<br>Dinamizar as función dos delegados e delegadas de curso coa axuda de Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.<br>Utilización dunha linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero en tódolos documentos e comunicacións e na vida do centro.<br>Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia…<br>Fomentar o estudo de personaxes femininos. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

**OBXECTIVO Nº 5 :** DINAMIZAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

| **Responsables** | **Equipo directivo, Equipo de ACE e Comunidade Educativa** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 12** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Dirixir a dinamización | Renovación da persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares.<br>Elección das persoas dinamizadoras das actividades complementarias e extraescolares.<br>Participar no Proxecta “Proxecto Deportivo de Centro". |
| Organizar saídas que potencien o coñecemento do entorno. | Participar en proxectos do concello para potenciar a contorna.<br>Proxectos en Educación Primaria e ESO para o coñecemento da nosa contorna. |
| Continuar elaborando a base de datos de saídas para os distintos niveis e departamentos. | Elabóranse menús na páxina web dinámica para aloxar aí as fichas das actividades.<br>Recollense na base de datos da páxina web as saídas do recollidas na PXA. |
| Preparación e desenvolvemento dos festivais e da excursións. | Festival de Inverno.<br>Festival do Entroido.<br>Festival de Fin de Curso.<br>Outras actividades a realizar no curso 2022-23 recollidas nas programación de departamento e de nivel. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

**OBXECTIVO Nº 6 :** INFORMATIZAR O CENTRO E DESENVOLVER O USO DAS TICs

| **Responsables** | **Equipo directivo, Equipo de ITC e Comunidade Educativa** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 8** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Facilitar a formación do profesorado e o alumnado. | Solicitar cursos de formación no Centro para facilitar ao profesorado o acceso aos mesmos.<br>Optimizar os recursos para reducir as carencias e deficiencias de material informático. |
| Por en práctica o plan TIC. | Desenvolvemento do PLAN DIXITAL.<br>Promover o uso do KOHA para a xestión da biblioteca.<br>Continuar coa informatización progresiva das aulas.<br>Reforzar as competencias clave a través das TICs. |
| Dinamizar a páxina WEB. | Remodelación da páxina web do centro.<br>Manter a páxina ao día e facer participe dela a toda Comunidade Educativa.<br>Manter e aumentar o uso da aula virtual como instrumento para o ensino.<br>Actualizar os contidos e transmitir información relevante a través da web. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## **OBXECTIVO Nº 7** ***:*** OPTIMIZAR O SERVIZO DE COMEDOR

| **Responsables** | **Equipo directivo, responsable do comedor, cociñeiras e persoal colaborador** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 4** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Revisión do Proxecto de Funcionamento do Comedor. | Seguimento e valoración do Proxecto de Comedor.<br>Introducción de criterios de consumo del productos locais e de temporada.<br>Introducción de criterios mellora continua na alimentación saudable.<br>Introducción de actividades lúdicopedagóxicas no tempo de lecer: Clube de Lectura. |
| Elaboracións de menús Equilibrados. | Elaborar os menús con criterios saudables, eliminando de xeito definitivo os alimentos procesados. |

## **OBXECTIVO Nº 8 :** POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA

| **Responsables** | **Equipo directivo, EDLG e Comunidade Educativa** |
|---|---|
| **Medición do obxectivo** | **Actuacións previstas 12** |
| **META** | **ACTUACIÓNS** |
| Colaborar e prestar apoio ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega. | Divulgar e impulsar as reunión e actividades realizadas polos menbros/as do equipo.<br>Promover a participación do alumando nas actividades e reunión do EDLG.<br>Potenciar o espazo adicado ao EDLG na páxina web do centro coa publicación de novas. |
| Potenciar o uso de Galego no centro. | Usar sempre o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc<br>Actualizar o Proxecto Lingüistico do centro.<br>Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia. |
| Realizar e publicitar as actividades relacionadas co uso do galego. | Participar en actividades como Correlingua, Festival de Outono de Teatro Lido.<br>Celebrar festas como o Magosto, Letras Galegas, etc. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

A organización e a responsabilidade de acadar os obxectivos propostos corresponde aos diferentes equipos segundo as competencias recollidas na regulamentación oficial, así como aos diferentes cargos recollidos no cadro de organización pedagóxica.

**Avaliación dos obxectivos**

Trimestralmente farase un seguimento e a avaliación final farase con data de 30/06/23 observando o grado de cumprimento, que en todos os casos deberá ser do 90% do total das actuacións previstas recollendo toda a información na Memoria final de centro.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 4. CALENDARIOS

## 4.1. Calendario escolar

### CALENDARIO ESCOLAR 2022-2023

**SETEMBRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

**OUTUBRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

**NOVEMBRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

**DECEMBRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

**XANEIRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

**FEBREIRO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | | | | | |

**MARZO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

**ABRIL**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

**MAIO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17* | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

**XUÑO**

| L | Ma | Mi | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

- Inicio da actividade lectiva
- Fin da actividade lectiva
- Fin do Período de adaptación (4º Ed. Infantil)
- Vacacións escolares

* Pendente de confirmación.

Os días escollidos polo centro foron o 5 de decembro de 2022 e o 2 de maio de 2023.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 4.2. Conmemoracións

- 15 de outubro de 2022: Día das escritoras: dinamiza equipo de biblioteca.
- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia: dinamiza equipo de biblioteca.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero: dinamiza equipo de igualdade.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: dinamiza equipo de dinamización da lingua galega.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade/Diversidade Funcional: dinamiza equipo de biblioteca.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: dinamizan as titorías.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación: dinamizan as titorías.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz: dinamiza equipo de biblioteca e equipo de igualdade.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro: dinamiza equipo de dinamización da lingua galega.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller: dinamiza equipo de igualdade.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor/a: dinamizan as titorías.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais: dinamizan as titorías.
- 21 de marzo: Día da poesía: dinamiza equipo de biblioteca e equipo de dinamización da lingua galega.
- 27 de marzo: Día do teatro: dinamiza equipo de biblioteca.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas: equipo de dinamización da lingua galega.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde: dinamiza equipo do proxecto PVAD.
- Entre o 17 e ol 21 de abril de 2023: Semana do Libro: dinamiza equipo de biblioteca.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar: dinamiza equipo TIC e departamento de orientación.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas: dinamiza equipo de biblioteca e equipo de dinamización da lingua galega.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente: dinamiza equipo do plan proxecta.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionales relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas. Esta conmemoración tratarase ó longo do curso nas aulas de xeito transversal desde as diferentes materias do currículo.

## 4.3. Calendario avaliacións.

**E. INFANTIL E PRIMARIA**

| | |
|---|---|
| **Avaliación inicial** | Semana do 26 de setembro. |
| **1ª avaliación** | Semana do 12 de decembro. |
| **2ª avaliación** | Semana do 20 marzo. |
| **3ª avaliación** | Semana do 12 xuño. |

**E.S.O.**

| | |
|---|---|
| **Avaliación inicial** | Semana do 3 ao 7 de outubro. |
| **1ª avaliación** | 28 e 30 de novembro. |
| **2ª avaliación** | Semana do 13 de marzo. |
| **3ª avaliación** | Semana do 5 de xuño. |
| **Avaliación final** | 22 de xuño |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 5. DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE ESCOLAR

## 5.1 Horarios

### 5.1.1. Lectivo

As actividades desenvolveranse en sesións segundo se reflicte no cadro seguinte:

| PRIMARIA (de luns a venres) | | PRIMARIA (de luns a venres) | |
|---|---|---|---|
| 1ª hora | 09:15-10:05 | 1ª hora | 09:30-10:20 |
| 2ª hora | 10:05-10:55 | 2ª hora | 10:20-11:10 |
| 3ª hora | 10:55-11:45 | Recreo/Hora de Ler (Inf.-1º-2º-3º) Recreo/Hora de Ler (4º-5º-6º) | 11:10-12:00 |
| Recreo/ Hora de ler (Inf.-1º-2º-3º) Hora de ler /Recreo (4º-5º-6º) | 11:45-12:35 | 3ª hora | 12:00-12:50 |
| 4ª hora | 12:35-13:25 | COMEDOR | 12:50-14:50 |
| 5ª hora | 13:25-14:15 | 4ª hora | 14:50-15:40 |
| COMEDOR | 14:15-15:00 | 5ª hora | 15:40-16:30 |
| **Setembro e xuño** | | **De outubro ata maio** | |

| SECUNDARIA (agás martes) | | SECUNDARIA (martes) | |
|---|---|---|---|
| 1ª hora | 08:45-09:35 | 1ª hora | 08:45-09:35 |
| 2ª hora | 09:35-10:25 | 2ª hora | 09:35-10:25 |
| 3ª hora | 10:25-11:15 | 3ª hora | 10:25-11:15 |
| Recreo | 11:15-11:35 | Recreo | 11:15-11:50 |
| 4ª hora | 11:35-12:25 | 4ª hora | 11:50-12:40 |
| 5ª hora | 12:25-13:15 | 5ª hora | 12:40-13:30 |
| 6ª hora | 13:15-14:05 | | |
| | | 7ª hora | 16:10-17:00 |
| | | 8ª hora | 17:00-17:50 |
| | | 9º hora | 17:50-18:40 |

### 5.1.2. Horario non lectivo (horas de permanencia no centro).

Os días de permanencia no centro das/os mestras/es serán os luns de 16:30h a 19:30h e os mércores de 16:30 a 18:30h. No caso de haber outro tipo de reunións (ciclo, extraescolares…) que non se poidan celebrar nesas datas por solapamento,

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

realizaranse ditas reunións noutro día e axustaranse ás horas de permanencia semanais do profesorado.

### 5.1.3 Horario de verán.

O centro permanecerá aberto o mes de xullo en horario de 10:00 a 13:00 para a atención a toda a comunidade educativa

## 5.2 Quendas de vixilancia do transporte e dos recreos.

Nas etapas de infantil e primaria, a organización da custodia do alumnado no transporte escolar e nos períodos de lecer levarase segundo o estipulado no seguinte cadro:

| LUNS | GRUPO 1 | GRUPO 2 | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| | **BIBLIOTECA** | | | |
| | Ana Miranda | Alejandra | | |
| | **INFANTIL** | | | |
| ROTACIÓN | Fernando | Teresa G. | ROTACIÓN | ROTACIÓN |
| | Alba | Teresa R. | | |
| | **PRIMARIA** | | | |
| | Marisa | Ángeles | | |
| | Fernando Ing. | Cristina B. | | |
| | Mickael | Mariña | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **INFANTIL/PRIMARIA** | | | **BIBLIOTECA** | |
| Grupo 1: Fernando, Alba, Marisa, Fernando Ing. Mickael | | | Ana Miranda | |
| Grupo 2: Teresa G., Teresa R., Ángeles, Cristina B. e Mariña | | | Alejandra | |

Os períodos de descanso serán de 30 minutos para o alumnado de Educación Infantil (EI) e Primaria (EP) e unha sesión de 20 minutos para Educación Secundaria de luns a venres e de trinta e cinco minutos os martes.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Educación Infantil utilizará a zona exterior da area de EI. No caso de choiva o alumnado de EI empregará a zona común interior correspondente.

O alumnado de EP empregará as pistas deportivas, e no caso de choiva utilizarase o patio cuberto.

No caso de Secundaria, o profesorado custodiará ó alumnado segundo o establecido no seu horario persoal. O alumnado de ESO utilizará a zona exterior de secundaria. No caso de choiva, empregarase o túnel e os pavillóns.

## 5.3. Adscrición de mestras/es.

| **Educación Infantil** | |
|---|---|
| **Nome e apelidos** | **Titoría** |
| Alba Leira Antón | 4ºA |
| Fernando Pose Martínez | 5ºA |
| María Teresa García Mato | 6º A |
| **Educación Primaria** | |
| Mª Luisa Carballeira González | 1ºA |
| Mª de los Ángeles González Martín | 2ºA |
| Mariña Lema Blanco | 3ºA |
| Cristina Basteiro Estévez | 4ºA |
| Alejandra María Pose Lema | 5ºA |
| Mickael Pose Rodríguez | 6ºA |
| Ana Miranda del Campo | 6ºB |
| Alejandra María Pose Lema | EF |
| Mª Teresa Rodriguez Varela | Educación musical |
| Fernando Guitián Astray | Inglés |
| Tania Villamor Vázquez | AL |
| Raquel Balseiro Días, Berta | PT |
| Berta Carou Espasandín | PT |
| Mª Carmen Costa Boubeta | Relixión EI |
| Josefina Martinez López | Relixión EP |

**Xefas/es de Departamento de Educación Secundaria.**

| PROFESORADO | CARGO |
|---|---|
| Rosa Mª Torreiro Otero | Xefa do Departamento de Francés |
| Daniel Crespo Romero | Xefe do Departamento de Inglés |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | |
|---|---|
| Diego Salido Herba | Xefa do Dpto. de Xeografía e Historia |
| Almudena Gerpe Pita | Xefa do Departamento de Ciencias Naturais |
| Mª de las Mercedes Lago Valo | Xefa do Departamento de Física e Química |
| Antón Varela Magariños | Xefe do Departamento de Educación Física |
| Marcos Maseda Prieto | Xefe do Departamento de Tecnoloxía |
| Alfredo Carballo Rey | Xefa do Departamento de Matemáticas |
| Ana Mª Porteiro Chouciño | Xefa do Departamento de Lingua Castelá |
| Susana Mª Vázquez Recarey | Xefa do Departamento de Lingua Galega |
| Esther Portas Potel | Xefa do Departamento de Orientación |
| Cristina González Franco | Xefa do Departamento de Música |

**Lista de titores/as da ESO**

| NOME | CURSO |
|---|---|
| Almudena Gerpe Pita | 1º ESO |
| Diego Salido Herba | 2º ESO |
| Ana Mª Porteiro Chouciño | 3º ESO |
| Sergio Pereira Bendaña | 4º ESO |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 6. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

## 6.1 Persoas integrantes

| DINAMIZACIÓNS | |
|---|---|
| TIC<br>**Maseda Prieto, Marcos (coordinador)**<br>● Mickael Pose<br>● Alfredo Carballo<br>● Daniel Crespo<br>● Mercedes Lago<br>● Ana Miranda<br>● Sergio Pereira | EXTRAESCOLARES<br>**Pereira Bendaña, Sergio (coordinador)**<br>● Cristina Basteiro<br>● Daniel Crespo<br>● Ángeles González<br>● Esther Portas<br>● Fernando Pose |
| DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA<br>**Vázquez Recarey, Susana María (coordinadora)**<br>● María Luisa Carballeira<br>● María Teresa García<br>● Mariña Lema<br>● Gonzalo Suárez<br>● Tania Villamor | BIBLIOTECA<br>**Ana Porteiro Chouciño (coordinadora)**<br>● Almudena Gerpe<br>● Alba Leira<br>● Ana Miranda<br>● Alejandra Pose |
| IGUALDADE<br>**Laura García (coordinadora)**<br>● Raquel Balseiro<br>● Cristina Lage<br>● Marcos Maseda<br>● Diego Salido<br>● Esther Portas Potel | PLURILINGÜISMO<br>**Crespo Romero, Daniel (coordinador)**<br>● Fernando Guitián<br>● Marcos Maseda<br>● Sergio Pereira<br>● María Teresa Rodríguez<br>● Aidan Wang (aux. conversa) |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 6.2 Actividades dos equipos

## 6.2.1. Equipo de Actividades complementarias e extraescolares

O coordinador, Sergio Pereira Bendaña, informará periodicamente a través do correo electrónico das actividades que son ofertadas para que sexan estudadas polos equipos para logo ser tratadas nas xuntanzas da CCP e Consello Escolar.

## 6.2.2. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O equipo de Dinamización da Lingua Galega desenvolverá as seguintes accións:

- Mantemento do blog Lingua Cabo da Area: https://linguacabodaarea.blogspot.com/
- Intercambios lingüístico-culturais.
- Taboleiro “O mes que andamos” e concurso sobre este.
- Actividades de celebración do Samaín.
- Magosto.
- Celebración do mes da ciencia en galego.
- Celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller.
- Cartas ao Apalpador.
- Calendario 2022.
- Mural pola paz.
- Recital de poesía de Rosalía de Castro.
- Actividades do Entroido.
- Exposición Día da Muller Traballadora.
- Concurso para celebrar o Día da Poesía (21 de marzo).
- Campaña de animación á lectura en lingua galega para festexar o Día do Libro.
- Os froitos da lingua.
- Conmemoración Día das Letras Galegas.
- Visitas de escritores e escritoras en lingua galega.
- Saídas didácticas e asistencia ao teatro.
- Proxección de curtametraxes sobre diversos temas en lingua galega.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Compra de material bibliográfico.
- Calendarios de aula.
- Campaña “Por un comercio en galego”.

### 6.2.3. Equipo de dinamización da biblioteca

O horario de apertura da biblioteca coincide co recreo de primaria e secundaria. O horario de uso da biblioteca por parte do profesorado co seu alumnado é o mesmo co horario lectivo do colexio.

A continuación presentamos un cadro resumo sobre as súas liñas de actuación a desenvolver este ano por este equipo:

- Configuración da biblioteca como “Laboratorio creativo de aprendizaxes”.
- Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículum e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- Formación de usuarios/as e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual “Competencia Dixital”.
- Fomento da lectura e desenvolvmento do proxecto lector do centro.
- Avanzar cara unha biblioteca inclusiva.

### 6.3.4. Equipo TIC

Os obxectivos para este curso académico son os seguintes:

- Mellorar ou modificar a web do centro e fomentar o seu uso pola comunidade educativa.
- Traballar contidos e actividades concretos na aula virtual.
- Facilitar o acceso ás TIC e formar a todo o alumnado e profesorado contando coa oferta do CEFORE e o CAFI.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta docente.
- Valorar as posibilidades que ofrecen as TIC para o labor docente: uso de novos recursos didácticos máis atractivos, intercambiando experiencias e innovación na práctica educativa cotiá.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Facilitar a utilización das TIC na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coidar e facer un uso correcto do material.

Este curso será o terceiro de implantación do proxecto E-dixgal no centro, cun resultado cuestionable en canto á metodoloxía de traballo debido fundamentalmente aos seguintes aspectos:

- Escaseza de cultura dixital afianzada no centro.
- O retraso en canto á formación requerida por parto do profesorado.
- A brecha dixital existente entre as familias e a contorna sociocultural con respecto ao recurso que ofrece o centro.
- A falta de identificación dun proceso de transición entre os libros de texto e o libro dixital, posto que o proxecto iníciase en 5º de primaria, onde xa hai unha metodoloxía de traballo en papel xa consolidada.
- A falta de dotación na contorna familiar para desenvolver o proxecto no fogar (acceso a internet/fibra óptica).

## 6.3.5. Equipo de Igualdade

Este equipo será o encargado de desenvolver as accións identificadas no Plan de Igualdade do centro, en coordinación co resto de equipos de dinamización, posto que o ámbito da igualdade de oportunidades plantéxase como necesariamente transversal e multidisciplinar.

As liñas de actuación recollidas no Plan desenvolveranse a través das seguintes actividades (susceptibles de modificación e ampliación ao longo do curso escolar):

- Asociación Visibles: charlas de sensibilización para tódalas etapas educativas.
- Plan Director da Garda Civil.
- Seguimento do proxecto “Quérote +”.
- Seguimento do proxecto “IguálaT”.
- Posta en marcha e desenvolvemento das “Bolsas Violetas”.
- Conmemoracións: 25N e 8M.
- Selección e adquisición de novos fondos da temática de xénero e igualdade para a biblioteca.
- Exposicións temáticas na biblioteca.
- Videoforums temáticos.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

### 6.3.6. Equipo de Plurilingüismo

Outubro:

- Halloween.

Novembro:

- Bonfire night (5 de novembro).
- Acción de grazas.

Decembro:

- Nadal de diferenzas: Galicia vs. EEUU
- Hanukkah.

Xaneiro:

- Día de Martin Luther King Jr.

Febreiro:

- Mes da historia negra.
- Día de San Valentín.

Marzo:

- Día de San Patricio.
- Día da muller.

Abril:

- Día do libro.

Os meses de maio e xuño tratamos festividades segundo nos vaiamos coordinando cos departamentos que forman parte do equipo plurilingüe.

# 7. ORGANIZACIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 7.1. Transporte

O transporte escolar deste centro está cuberto por dúas empresas: Amadeo Caamaño

XUNTA DE GALICIA
CENTRO PÚBLICO INTEGRADO PLURILINGÜE CABO DA AREA 15007621
Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Aguiar y otros S.L. e Autocares J.Pombo.

| EMPRESA | RUTA | TRAXECTO | DURACIÓN (min) |
|---|---|---|---|
| Caamaño | 1 | Señorans- Escola | 24 |
| Caamaño | 2 | Traba- Escola | 35 |
| Pombo | 3 | Laxe Praza- Escola | 10 |
| Pombo | 4 | Transfontáns-Serantes-Escola | 20 |
| Pombo | 5 | Laxe Praza- Escola | 10 |

A súa organización está supeditada ao novo convenio do Plan Galego de Transporte Público de Viaxeiros/as por Estrada asinado entre a Consellería de Educación e as Empresas de Transporte.

A folla de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada curso e actualizanse cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer as persoas usuarias de transporte, no prazo destinado para elo, que soe coincidir no mes de xullo do curso rematado.

Toda a información sobre rutas e alumnado transportado está aloxado na aplicación informática https://www.edu.xunta.es/transporteescolar/ .

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 7.2. Comedor.

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o fucionamento máis detalladamente a instrución sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-23.

Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo C (entre 151 e 250 comensais), este curso temos una media de 170 comensais co que lle corresponden 10 figuras de colaboradoras, 1 encargada, 1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes.

Son usuarios/as do servizo o alumnado do centro, a cociñeira e colaboradoras/es (gratuíto) e persoal docente e non docente cando exerza labores de coidado e atención (gratuíto o día da colaboración e de pago o resto). O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

### 7.2.1. Persoal e colaboradores

| **Persoal e colaboradores do servizo de comedor** | | |
|---|---|---|
| **Cargo** | **Nome** | **Días** |
| **Cociña** | Mª Josefa Grela López (Cociñeira) | L, M,ME,X,V |
| | Flora Mira Devesa | L, M,ME,X,V |
| | Mª Carmen Noya Otero | L, M,ME,X,V |
| **Directora** | Cristina Lage Villar | L, M,ME,X,V |
| **Encargada** | Mª Sol Varela Suena | L, M,ME,X,V |
| **Colaboradoras** | Genma Durán Vidal | L, M,ME,X,V |
| | Elba Suárez Amado | L, M,ME,X,V |
| | Cristina Regueira Rellán | L, M,ME,X,V |
| | Nuria Pérez Balsa | L, M,ME,X,V |
| | Tatiana Mª Alborés Díaz | L, M,ME,X,V |
| | Vanesa Maneira Pérez | L, M,ME,X,V |
| | Mª Jesús Pereira Pose | L, M,ME,X,V |
| | Nuria Cousillas Villar | L, M,ME,X,V |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | |
|---|---|---|
| | Anxo González Rama | L, M,ME,X,V |
| | Mª Dolores Gómez Ferreiro | L, M,ME,X,V |
| | **SUPLENTES** | |
| | Catalina Baldomar Álvarez | L, M,ME,X,V |
| | Maha Dandis Dandis | L, M,ME,X,V |
| | Ámbar Vizcarra Frando | L, M,ME,X,V |
| | Estrella Rey Martínez | L, M,ME,X,V |
| | Mª Dolores Vázquez García | L, M,ME,X,V |
| | Almudena Lema Allo | L, M,ME,X,V |
| | Patricia Dios Mira | L, M,ME,X,V |

## 7.2.2. Usuarios e usuarias de comedor

| **Alumnos** | Abono 4,50 € | Abono 2,50 € | Abono 1 € | Gratuidade | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Infantil | 4 | 2 | 2 | 21 | 29 |
| Primaria | 17 | 3 | 4 | 86 | 110 |
| E.S.O. | 0 | 0 | 1 | 11 | 12 |
| TOTAL | 21 | 5 | 7 | 118 | 151 |

## 7.2.3. Proxectos a realizar

Os venres desenvolverase un Club de Lectura para os cursos de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, no tempo de lecer previo ao xantar.

Merendas saudables. Como cada ano recoméndase seguir, un calendario semanal de merendas para as mañás. Dito calendario será colgado na páxina web do centro, na sección de comedor.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)

O documento de organización do centro (DOC) será cumprimentado a través do programa XADE e remitido á Inspección Educativa, e será esta a que determine a validez do mesmo.

Unha vez enviado poderá ser consultado no despacho de dirección do centro.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 9. OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

## 9.1. Plan de formación

### 9.1.1. Análise e diagnóstico da situación do centro

O noso centro coa finalidade de mellorar a práctica docente e os procesos de ensinanza aprendizaxe levamos dende fai varios anos desenvolvendo un Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). No curso actual seguiremos traballando un novo plan de formación.

Nos últimos anos, foron moitos os esforzos que dende o centro se están a levar a cabo para introducir as TIC como unha realidade diaria nas aulas, para conseguir a inclusión de todo o noso alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (neae) e para favorecer a potenciar a formación de todos os compoñentes do claustro.

### 9.1.2. Necesidades formativas detectadas

Acórdase na 1ª CCP do curso definir como Proxecto Unificado de Centro a ***Sostenibilidade Ambiental.***

### 9.1.3. Liñas de formación

Para este curso o plan de formación, continuando coa estratexia do pasado ano, vai ter como referente as seguintes liñas de traballo:

- Integración didáctica das TIC.
- Atención á diversidade e DUA.

## 9.2. Plan Lector

### 9.2.1. Obxectivos

- Aumentar os índices de lectura dos e das estudantes en todas as diciplinas.
- Formar ao alumnado como usuario pleno da palabras escrita e da expresión oral: que sexan escritores/as, lectores/as e comunicadores/as.
- Sensibilizar á comunidades educativa primeiro, e á sociedade despois sobre a necesidade de traballar na lectura.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Garantir o acceso ós libros e aos diferentes soportes de comunicación.
- Articular as relacións no centro educativo entre o profesorado do mesmo curso e cos de cursos diferentes, das mesmas áreas ou de outras para compartir recursos e establecer unha aprendizaxe interdisciplinaria.
- Desenvolver a competencia lectora.
- Desenvolver a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar a investigación.
- Apoiar a adquisición de competencias clave.
- Favorecer a creación de contidos culturais.

### 9.2.2. Organización de espazos e tempos para a lectura

Para favorecer o acceso do alumnado aos libros a biblioteca está aberta para o préstamo nos seguintes horarios:

- Sala de secundaria: durante os recreos.
- Sala de primaria: nas horas semanais asignadas a cada titoría.

Ademais, segundo o establecido por lei, haberá uns horarios de lectura semanais, que son de vinte minutos diarios en primaria despois do recreo. Esta temporalización está destinada a deixar sesións lectivas da mesma duración. Cada titor/a decidirá como completar coa súa clase os dez minutos diarios ata a media hora que marca a lei.

En Secundaria será unha sesión semanal de 50 minutos, que vai rotando por todos os horarios das materias.

### 9.2.3. Biblioteca de aula

Para facilitar a Hora de Ler, cada aula ten unha selección de lecturas prestadas pola biblioteca. Para a xestión e localización dos exemplares, cada aula ten un carné de lector especial con acceso a máis préstamos e cunha duración máis ampla. En Primaria, estas bibliotecas axudarán a completar o tempo diario de lectura.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 9.2.4. Recursos humanos

Para facilitar o préstamo e a dinamización, contamos cun equipo de profesoras e profesoras que representan as tres etapas coas que conta o centro: infantil, primaria e secundaria.

## 9.2.5. Itinerarios lectores

Os itinerarios de lectura propostos para o curso 2022-2023 están dispoñibles no documento do Plan Lector.

## 9.2.6. Ler en familia

Intentarase promover a idea non só de que a lectura é unha fonte de pracer senón tamén o feito de compartir estas lecturas e comentalas con outros lectores e lectoras, e que esto non ten por que ocorrer só no ámbito académico, senón tamén no familiar.

Traballarase este aspecto continuando coas visitas de familiares para ler contos ao alumnado.

## 9.2.7. Investigación e tratamento da información

Promoverase a utilización dos recursos tanto bibliográficos como informáticos da biblioteca para a realización das diferentes actividades e traballos das distintas materias. Promoverase en todo momento un uso eficiente e responsable da información por parte do alumnado.

## 9.2.8. Dinamización da biblioteca

A biblioteca do centro volve formar parte do PLAMBE durante o presente curso. En todo momento o Equipo de Biblioteca colaborará estreitamente con EDLG para dinamizar as prácticas de lectoescritura no centro. Convocaranse diversos certames (relato, debuxo, fotografía…) co gallo das diferentes efemérides e celebracións levadas a cabo no centro (Samaín, Magosto, Día das Letras Galegas, etc.). Buscarase fomentar a creatividade do alumnado así como reforzar a súa autoestima.

Outras actividades serán a exposición de murais, saídas, xogos, etc.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 9.3. Plan Dixital

A Consellería de Educación, Cultura e Universidade pon en marcha o “Plan Dixital de Centro” a partir do cal cada centro educativo co obxectivo de desenvolver as competencias dixitais na comunidade educativa.
Tras quedar elaborado o plan o curso pasado, actualmente estamos desenvolvendo as accións presentadas en dito plan.

## 9.4. Contratos-Programa Inclúe (CPInclúe)

Este curso o noso centro ve consolidado o Equipo de Igualdade ao contar con máis participantes no mesmo, polo que se decide solicitar este proxecto, que busca os seguintes obxectivos:

- Desenvolver os valores que fomentan a igualdade efectiva entre nenas e nenos, mozas e mozos, homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola identidade de xénero.
- Sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, desenvolvendo accións concretas na contorna próxima e análisis de realidades máis afastadas.
- Conmemorar as efemérides máis importantes para o movemento feminista, 25N e 8M e dar coñecer outras que visibilizan o papel e a importancia das mulleres na sociedade ao longo da historia e na actualidade, implementando o "CALENDARIO DA IGUALDADE".
- Visibilizar o papel das mulleres na sociedade pasada e actual.
- Dar a coñecer e difundir o fondo bibliográfico de contido feminista existente na biblioteca da nosa escola e moito outro que está nas librarías da contorna próxima e non tan próxima, facilitando a súa accesibilidade.

## 9.5. CPInnova (EDUSAUDE) e Plan Proxecta: Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD)

Continuando coa iniciativa do pasado ano o centro segue comprometido co fomento dun estilo de vida saudable ao darlle continuidade a este proxecto que busca acadar os seguintes obxectivos:

- Converter o centro educativo nun espazo dinamizador e promotor de actividade física e hábitos de vida saudables.
- Participar de modo activo nas actividades físicas sendo conscientes da importancia do control postural, do coidado da saúde e dunha alimentación equilibrada.
- Coñecer os riscos e beneficios para a saúde derivados da alimentación.
- Valorar a condición física do alumnado como indicador do seu estado de saúde.
- Difundir as distintas opcións de práctica deportiva que se oferta na zona.

## 9.6. Plan Proxecta: Quérote +

O seguinte proxecto orientado ao traballo en torno á sexualidade e a diversidade plantexa uns obxectivos ambiciosos pero realistas e sobre todo necesarios.

- Transmitir a concepción da sexualidade dun xeito plural, de respectar á diversidade, de aceptar a igualdade dentro da diferenza, a explorar os nosos medos e a potenciar as nosas fortalezas, os noso desexos, de buscar o pracer de xeito constructivo e duradeiro, e ser responsables das nosas conductas.
- Promover o respecto á diversidade, o dereito á diferencia sexual, o respecto polos sexos e a valoración positiva dos mesmos.
- Apoiar e asesorar na resolución das dificultades no eido da sexualidade que actualmente inciden na sociedade (embarazos non desexados, infeccións de transmisión sexual, homofobia, transfobia, situacións de desigualdade, etc.).
- Promover as habilidades que fomenten a convivencia entre os sexos.
- Informar e asesorar no tocante ás prácticas eróticas, contribuíndo a aclarar tabús e falsos mitos.
- Promover actitudes positivas fronte as diversidades e peculiaridades sexuais, aportando elementos clarificadores e información para a comprensión de feitos

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

habituais no noso día a día (orientación do desexo, identidade sexual, gustos e desexos, etc.).

A fin de acadar os anteriores obxectivos contamos cun importante material educativo elaborado pola Consellería de Educacións, así como coa colaboración de técnicas e técnicos especialistas na materia. Contamos tamén co apoio de asociacións especializadas (Krisahlis) que nos achegan tanto o contido en cuestión como unha visión realista e optimista da sociedade actual, neste eido.

## 9.7. Contrato-Programa RecupéraT: PROA +

Este proxecto, ao igual que o anterior, busca dar resposta ás dificultades de aprendizaxe e desigualdades que a sociedade polo seu propio funcionamento impón. Así pois, na procura destes obxectivos o centro busca unha mellora continua en prol da inclusión socioeducativa:

- Apoiar o alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo.
- Reducir as barreiras de aprendizaxe que dificultan alcanzar e superar os obxectivos e competencias de cada nivel educativo.
- Facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para favorecer a súa formación e previr o risco de fracaso e abandono escolar.
- Reducir o número de alumnos/as que presentan dificultades para a aprendizaxe.

Para o desenvolvemento deste proxecto contamos cunha mestra especialista en Pedagoxía Terapeútica que estará no centro ao longo de todo o curso: Olalla Veres de Dios.

## 9.8. Proxecto Plurilingüismo

Este proxecto considérase xa necesario coa finalidade de preparar ao noso alumnado cun nivel de dominio en lingua estranxeira acorde cunha sociedade cada vez máis cosmopolita, plurilingüe e aberta culturalmente. Así pois temos concedido o Plurilingüismo nas tres etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria.

Como cada ano o noso centro conta cunha persoa auxiliar de conversa a fin de fomentar a inmersión lingüística do inglés de xeito oral entre o noso alumnado. Este

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

ano contamos con Aidan Wang que reforzará o traballo en lingua inglesa nas clases de educación artística desenvolvidas en inglés, no marco do Proxecto de Plurilingüismo, nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria.

## 9.9. Club de Ciencia

Un ano máis, o noso centro foi seleccionado para participar no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2022/23. Este proxecto vai dirixido ao alumnado de Secundaria, e ten como finalidade a divulgación da ciencia ao alumnado dende as experiencias prácticas.

## 9.10. Club de Lectura “LIBROS AO CABO”

Continúase no centro co Club de lectura, no que os rapaces e rapazas comparten as súas experiencias lectoras, fomentando o interese por novas lecturas e propiciando a creación dun ambiente lector.

A profesora coordinadora do club é Ana Porteiro Chouciño, que conta co apoio das persoas membras do equipo de biblioteca.

Tanto o grupo da ESO como os distintos grupos de Primaria teñen o seu propio espazo no que traballar. As xuntanzas nas que se comentan as lecturas teñen lugar os martes durante o recreo, no caso da ESO, e os xoves e venres no horario de lecer do tempo de comedor no caso de Primaria. En cada unha destas reunións marcarase tamén a lectura que deben realizar para a seguinte sesión, no caso da ESO. Pola contra en Primaria a lectura e as recomendacións teñen un carácter máis improvisado.

As lecturas escolleranse pensando nos gustos do alumnado. Preténdese que a lectura poida ser punto de partida para falar de vivencias, de coñecementos adquiridos, de inquedanzas… Ademais de comentar as lecturas desenvolveranse actividades relacionadas con elas.

Así, os obxectivos que persegue o club son:

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Promocionar a lectura para desenvolver as capacidades de comprensión, asimilación e expresión.
- Considerar a lectura algo divertido e lúdico.
- Ter a biblioteca como lugar de referencia e fonte de coñecemento e diversión.
- Ver o contacto cos libros como algo cotián e necesario.
- Profundizar na lectura e mostrar á rapazada que é un punto a partir do cal se poden buscar datos sobre o autor/a, o lugar no que transcorre a acción, os acontecementos históricos que condicionaron a historia, etc.
- Facer notar a conexión entre diversas disciplinas: literatura, cine, arte…
- Estimular a creatividade e imaxinación dos membros e membras do club.
- Axudar ao alumnado a desenvolver o seu propio criterio á hora de escoller as súas lecturas.
- Favorecer a relación social do grupo por medio do intercambio de experiencias, emocións e opinión.
- Traballaranse como mínimo dúas lecturas por trimestre e estas serán variadas, tocando narrativa, cómic, poesía, ensaio e teatro. Ofertaranse lecturas en galego e castelán e tamén lecturas complementarias en inglés e francés.
- Paralelamente ás reunións periódicas pódense desenvolver outras actividades como obradoiros, encontros con escritores, visionado de películas e documentais, visitas a bibliotecas e museos, roteiros literarios, lecturas dramatizadas, actividades compartidas con outros clubs da zona, celebracións de efemérides…
- Estas actividades quedarán recollidas na memoria do Club de lectura.

## 9.11. E-dixgal

Este proxecto ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento de proxectos integrais de educación dixital, facilitando a dispoñibilidade de libros dixitais e doutros materiais dixitais cos que se desenvolve o proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria (actualmente).

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Tal e como referenciamos no apartado relativo ao Equipo de dinamización de TIC`s, a valoración da posta en marcha deste proxecto é cuestionable.

## 9.12. Plambe

Este plan ten como obxectivo principal incentivar e impulsar o desenvolvemento da biblioteca do centro. É o equipo de dinamización da biblioteca o encargado de dinamizar este proxecto.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 10. AVALIACIÓN DA PXA

Dende este equipo directivo entendemos que todos os documentos que organizan e orientan a labor dos centros educativos deben estar vivos, ser flexibles e estar suxeitos a modificacións fundamentadas en prol da mellora continua. Partindo desta consideración, a avaliación xeral do centro fundamentarase na memoria anual que elabora o equipo directivo, en canto aos aspectos relacionados na PXA, así como nas memorias anuais que os equipos de dinamización, de nivel e de departamentos elaborarán en torno aos aspectos curriculares.

Así mesmo, todos os plans e proxectos contemplan unha avaliación propia ao finalizar o curso académico, quedando os resultados reflexados nos correspondentes documentos.

Todos os datos recollidos nesas avaliacións e memorias son a base para a mellora continua do funcionamento, organización e desenvolvemento curricular do centro.